

## **“PREPARADOS PARA O SALTO” Programas Eduemprende. Curso 2021/2022.**

Convocatoria do programa “Preparados para o salto”, enmarcado dentro do convenio de colaboración establecido entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Fundación Galicia Obra Social para o desenvolvemento de actuacións conxuntas a favor do impulso do espírito emprendedor, no marco do Plan Eduemprende.

### **OBXECTIVOS**

Esta convocatoria ten por obxecto dar a coñecer ao alumnado como a tecnoloxía que está a transformar a forma de vivir e traballar, ten un efecto directo sobre a xestión nas nosas finanzas persoais e na seguridade que precisa o mundo dixital.

### **DESTINATARIOS**

Alumnado de Bacharelato, ciclos formativos de Formación Profesional, Ensinanzas para adultos, Ensinanzas de artes plásticas e deseño e Ensinanzas deportivas de centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

### **ACTIVIDADES**

Consiste nunha conferencia: “As finanzas no son un xogo”. A súa duración será de 50 minutos, e nela abordaranse os retos que marcarán a evolución da economía, facendo especial fincapé na necesidade de mellorar o nivel de coñecemento das finanzas persoais para mellorar o nivel de alfabetización financeira. Contidos que se traballan na sesión:

- Como xestionar un orzamento persoal e as ferramentas dixitais que nos axudan a ter un maior control dos cartos.
- Elección de indicadores para comparar e elixir os mellores produtos financeiros.
- A importancia do aforro a longo prazo.

- O pensamento crítico.
- Tendencias que marcarán a evolución da economía e do traballo nos vindeiros anos.

## SOLICITUDES

As solicitudes enviaranse, desde a conta de correo corporativa do centro, a [solicitudes.eduemprende@edu.xunta.gal](mailto:solicitudes.eduemprende@edu.xunta.gal) co seguinte asunto: "Solicitud programa Preparados para o salto 2021-2022", conforme ao Anexo I.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Portal Educativo: <https://www.edu.xunta.gal/portal/>.

## SELECCIÓN DOS CENTROS

O número máximo de conferencias presenciais que se impartirán por trimestre son:

Segundo trimestre	Terceiro Trimestre
3	3

O número máximo de conferencias virtuais que se impartirán por trimestre son:

Segundo trimestre	Terceiro Trimestre
3	3

Cada centro poderá escoller, na solicitude, a súa preferencia para participar nesta actividade de forma presencial ou de forma virtual. A actividades, na modalidade presencial, desenvolveranse nunha das aulas da rede de Aulas de Emprendemento.

Unicamente será admitida unha solicitude por centro e todas as solicitudes realizadas en tempo e forma serán admitidas para participar na conferencia. Por cuestións organizativas decidirse a modalidade de participación dos centros solicitantes.

## TEMPORALIZACIÓN DA ACTIVIDADE

O programa comezará a desenvolverse a partir do 11 de xaneiro de 2022 e rematará no mes de xuño, antes do remate do curso escolar 2021-2022.